



Normas de Participación do III Certame “Entroido de Tapas”

III CERTAME "ENTROIDO DE TAPAS"

A Concellería de Promoción Económica e Turismo do Concello de Sada organiza o III CERTAME "ENTROIDO DE TAPAS" co obxectivo de promover e potenciar o sector hostaleiro, a restauración e o turismo no municipio a través da temática do entroido, ademais de fomentar o uso das redes sociais e as novas tecnoloxías na cidadanía.

1ª Ámbito de participación:

(Locais hostalaría)

O II CONCURSO "ENTROIDO DE TAPAS" correspondente a 2018, circunscríbese aos límites administrativos do municipio de Sada, podendo polo tanto participar nel calquera establecemento adicado á hostalaría e restauración do concello de Sada.

2ª Obxecto de participación:

Cada establecemento participante poderá presentar a concurso un máximo de unha (1) tapa, debendo contar entre os seus ingredientes básicos con produtos típicos da Sada e comarca, e que sexan acordes coa festividade do entroido.

O prezo de venta ao público da tapa presentada a concurso será de 1€, para os establecementos que desexen participar en todas as categorías do certame.

Poderán optar ó resto de categorías (agás o premio do xurado), aqueles establecementos que participen cunha tapa gratuíta.

Asemade, para promover a dinamización do sector, a Concellería de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente, ademais de contar coa colaboración do grupo de facebook “Eres de Tapas si”, para difusión do evento nas redes sociais, abre o abano de participación neste certame para que os interesados na iniciativa, pero que non desexen concursar, poidan promocionar os seus negocios formando parte dunha Ruta Gastronómica de Entroido, na que ofrezan, tapas, pinchos, menús especiais etc.

3ª Inscripción:

Cada local participante deberá cubrir por escrito a ficha de inscrición que se poderá rechea a través de: <https://goo.gl/forms/78519KyxYYrSNFZh1>, solicitala a través do correo electrónico: oficinadeturismo@concellodesada.com, turismo@sada.gal, ou recollela na Oficina de turismo de 10:00 a 15:00h. De luns a sábados.

O prazo de inscrición comezará o martes 23 de xaneiro de 2018, e a data límite será o mércores 31 de febreiro, sendo a presentación as opcións anteriormente mencionadas.

Os locais que participen, farano facilitando a foto das tapas presentadas a través do grupo “Eres de Tapas si...” que colaborará coa promoción deste certame, ou enviándoa

